

## PROPOSTA DE ATRIBUCIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS NO ÁMBITO DO PERSOAL LABORAL DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

1. Base xurídica .....	2
2. Análise de funcións e categorías.....	3
2.1. Categorías laborais na Axencia.....	3
2.2. Funcións por áreas de actividade e categorías .....	5
2.3. Funcións por centros de traballo.....	11
2.4. Análise de riscos por categoría, función e centro.....	12
3. Criterios de asignación de complementos salariais.....	14
4. Proposta de asignación de complementos na RPT .....	14

## 1. Base xurídica

(1) O artigo 26.3 do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia formula o abano de posibilidades retributivas previstas para compensar as especiais dificultades materiais e técnicas que esixan o desempeño do posto de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia. Nomeadamente:

- a) Especial dedicación (B14)
- b) Responsabilidade
- c) Dirección
- d) Perigosidade (B10), toxicidade (B11), penosidade (B18)

En conxunto, a contía do complemento de singularidade de posto non poderá exceder do 32% do salario base bruto en cómputo anual atribuído a cada grupo profesional na correspondente lei de orzamentos

O complemento de especial dedicación correspóndelle ao persoal que polas características do seu posto de traballo teña modificacións constantes da súa xornada e/ou cumprimento do seu horario.

O complemento de responsabilidade correspóndelle ao persoal que polo posto de traballo que ocupa, realice funcións de coordinación ou mando, ou se lle exixa unha responsabilidade de cualificada complexidade que, sen corresponder ao mando orgánico, excede do normal esixible á súa categoría profesional.

O complemento de dirección retribúe o exercicio de funcións de dirección ou subdirección dun centro de traballo. A súa percepción é incompatible coa de responsabilidade.

Os complementos de perigosidade, toxicidade e penosidade serán efectivos a partir de sentenza xudicial firme que os recoñeza ou da súa inclusión na relación de postos de traballo.

Así mesmo, o artigo 26.4 define as condicións do complemento de disponibilidade horaria.

(2) Non existe no V Convenio unha definición clara dos termos que determinan a existencia da perigosidade, toxicidade e penosidade nun posto de traballo, polo que compre acudir á doutrina e á xurisprudencia.

A consideración dun posto como perigoso deriva da **concorrencia dun risco adicional, con respecto a traballos desempeñados por persoal coa mesma categoría profesional, debido á inseguridade do desempeño ante un eventual ataque ou dano**. Os tribunais ou o Ministerio de Traballo e Economía Social, consideran actividades perigosas, por exemplo, o exercicio de seguridade privada que esixa portar armas, o transporte e custodia de diñeiro, a condución de camións con mercadorías perigosas, os traballos en hospitais psiquiátricos, centros de acollida para menores en situación de desamparo, un bombeiro, ou a atención a animais en liberdade controlada.

A penosidade fai referencia ao **desempeño do traballo en circunstancias excepcionais que rodean a actividade e supoñen un esforzo constante, son dificultosas ou causan aflición** (ruídos, sucidade, cheiros, etc.). En xeral, aplícase a traballos realizados en ambientes insalubres, por exemplo, os que se desenvolven habitualmente en cámaras de

conxelación, camións de lixo, locais con condicións extremas de son > 80 decibelios, ou actividades que requirán dunha actividade física intensa sen pausa.

A toxicidade aplícase a **situacións relacionadas co emprego ou utilización de sustancias que poden supor un risco excepcional para a saúde da persoa** traballadora. Por exemplo, aqueles postos que sofren o risco de inhalación de axentes químicos ou de contacto con irritantes dérmicos.

- (3) A xurisprudencia sinala que o recoñecemento dos complementos non se pode amparar simplemente nos riscos, dificultades ou características intrínsecas dun oficio ou profesión, sen maiores análises ou valoracións, porque a razón de ser dos complementos non é compensar tales riscos ou dificultades intrínsecas, comúns a toda a profesión, que xa están contempladas no salario, nin as diferencias de risco entre as distintas profesións, senón a aqueles individuos concretos que de forma temporal ou permanente traballan en condicións notablemente peores que o resto do seu colectivo de procedencia. Por tanto, **o presuposto constitutivo para a concesión dun complemento comporta que os riscos acreditados non sexan inherentes ao posto de traballo, ou que sexan superiores aos que soportan outros postos da mesma categoría, ou que a retribución do posto non sexa superior a outros postos semellantes que non padecen tales riscos.**
- (4) A Administración Pública, na súa condición de empregadora, está obrigada na mellora continua das condicións de seguridade e saúde laboral dos seus traballadores coa aplicación das medidas pertinentes, baixo o control dos respectivos comités de seguridade e saúde. Por tanto, considerando que os complementos de perigosidade, toxicidade e penosidade existen para compensar riscos excepcionais, na medida en que estes riscos desaparecen como consecuencia da aplicación de melloras nos sistemas de traballo, a opción do revocado de complementos previamente concedidos debe ser considerada.
- (5) O feito de que concorran diferentes condicións de penosidade, toxicidade ou perigosidade nun mesmo posto de traballo non outorga o dereito automático a recibiren dúas ou máis veces o mesmo complemento. Aplícase con independencia da variedade de riscos que poidan suceder no desempeño da actividade laboral.
- (6) O artigo 26.4 do V Convenio colectivo único da Xunta establece o complemento de dispoñibilidade polo feito de estar a dispoñer da Administración para a realización dun traballo. A percepción deste complemento non pode supoñer aumento de xornada senón a posibilidade de que se produzan alteracións do horario xeral establecido para a Xunta de Galicia. A dispoñibilidade horaria só dará dereito á percepción dun complemento especial e ao cobramento de indemnización por razón do servizo, conforme o regulado pola normativa de aplicación; non se poderá percibir retribución ningunha por horas extraordinarias, se se percibe complemento de dispoñibilidade horaria por horas de presenza. A dispoñibilidade horaria non se considerará dentro da xornada de traballo efectiva nin se computará para efectos do límite de horas extraordinarias.

## 2. Análise de funcións e categorías

### 2.1. Categorías laborais na Axencia

- (7) O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), configura a Axencia con personalidade xurídica propia, patrimonio

e tesourería propios e autonomía na súa xestión. A norma atribúelle a competencia para desenvolver as actividades de I+D+I e de formación nos sectores agrario, gandeiro e forestal.

Para o cabal cumprimento das súas funcións, a AGACAL conta con distintos centros de investigación e formación espallados pola xeografía galega. En particular:

### **Centros de investigación**

- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
  - Estación Experimental de Gandaría de Montaña do Marco da Curra
  - Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón
  - Estación Experimental Agraria do Baixo Miño (Salceda de Caselas)
- Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia
  - Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia

### **Centros de formación**

- CFEA de Monforte de Lemos (Lugo)
- CFEA de Guísamo (A Coruña)
- CFEA Becerreá (Lugo)
- CFEA de Lourizán (Pontevedra)
- CFEA Pedro Murias (Ribadeo, Lugo)
- CFEA de Sergude

### **Laboratorios**

- Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia

(8) Polas características das competencias os centros poden contar con persoal laboral en distintos grupos e categorías. En particular:

I	3	Titulado/a superior químico
III	17	Analista de laboratorio
IV	11	Auxiliar laboratorio
V	12	Mozo de laboratorio
I	IV	Titulados superiores
I	19	Titulado/a superior especialista <ul style="list-style-type: none"><li>- Investigador/a</li><li>- Persoal técnico de investigación</li></ul>
III	6	Encargado/a mantemento, oficios varios, taller
V	2	Peón especializado, axudante oficios
III	68	Oficial 1ª agrario, capataz agrario
III	11	Encargado/a agrario
IV	9	Oficial 2ª agrario
V	8	Peón agrario
III	65	Oficial 1ª cociña, xefe de cociña
V	1	Axudante cociña, camareiro limpador
V	11	Limpador, fregador, pinche cociña, mozo limpeza, servizos xerais

V 12 Peón, varredor, mozo servizos, mozo laboratorio, pastor, xardineiro, etc.

## 2.2. Funcións por áreas de actividade e categorías

### (9) Agraria

#### III 11 Encargado agrario

Ten as mesmas funcións que un oficial III 68, co engadido da responsabilidade de coordinación na área que lle corresponda, no caso de existiren varias persoas coa mesma función.

#### III 68 Oficial 1ª agrario, capataz agrario

Organización das tarefas que se lle encomandan nas áreas da súa competencia, coa colaboración do persoal de inferior categoría baixo o seu mando.

Nos Centros de formación e experimentación agraria, poderán colaborar como persoal profesional na labor dos docentes.

Traballos de preparación da terra, labores de cultivo, recolección e conservación de forraxes, atención, manexo e coidado do gando e manexo e mantementos de equipos mecánicos e instalacións agrarias, realizados en colaboración con outros/as traballadores/as de igual ou superior categoría. Mais en detalle:

Manexo e coidado do gando, así como mantemento, limpeza e adecuación das instalacións gandeiras existentes. Muxido, no caso do gando de leite.

Implantación de prados e outros cultivos, coidado e recolección. Preparación e aplicación de abonos e produtos fitosanitarios nos cultivos. Necesariamente ten que dispor do carné de manipulador.

Plantacións froiteiras e vides: preparación do terreo, abonado, plantación, colocación de titores, instalación de sistema de rego e control do seu funcionamento, podas, desbroces, aclareo de froitos, recolección e outras actuacións que sexan necesarias.

Manexo de vehículos, tractores e os seus apeiros, outra maquinaria como corta céspede, desprezadoras, motoserra, utensilios de poda, etc., así como a limpeza dos mesmos.

#### IV 9 Oficial 2ª agrario

As súas funcións son as mesmas que o oficial primeira agás a responsabilidade de organizar as tarefas de campo. Pode organizar actividades concretas en colaboración co persoal de inferior categoría. Necesariamente ten que dispor do carné de manipulador de fitosanitarios.

#### V 8 Peón agrario

Funcións de apoio nas tarefas agrarias que se lle asignen directamente, sen asumir responsabilidades de decisión. Non pode executar tarefas para as que non estea

---

habilitado, como por exemplo a aplicación de fitosanitarios se non ten o carné pertinente.

(10) Calidade alimentaria

---

**I 4      Titulado superior**

Persoal técnico con funcións inspectoras. Precisa coñecementos específicos en materia de certificación da calidade alimentaria. Necesariamente viaxa.

---

(11) Laboratorio

---

**I 3      Titulado/a superior químico**

Responsable de xestión, funcionamento e coordinación. Apoia a implantación do sistema de calidade, cumprindo as responsabilidades que lle son asignadas nos documentos do sistema de calidade.

Responsable da xestión dos equipamentos instrumentais, equipos, material auxiliar e material volumétrico controlando as súas existencias, solicitando, de ser o caso, a súa reposición. Detectará as necesidades de compra do equipamento. Define as características técnicas, os requisitos de compra e fai a inspección a recepción. Tamén do mantemento e actualización do inventario de equipos e do rexistro de xestión (fichas de equipo, históricos, recepción, etiquetas de calibración, control de entradas e saídas e informes de anomalías); da definición dos equipos que estarán no programa de calibración/verificación e no programa de mantemento; e calcular as incerteza das calibracións internas

Difunde os procedementos normalizados de traballo e as instrucións entre as persoas da súa sección; programa traballos e prazos; emite as ordes de traballo; asegura o cumprimento dos métodos e procedementos supervisando a execución e avaliando os resultados; revisar e asinar os informes de resultados; propón accións correctivas e acción preventivas cando haxa traballos non conformes ou cando haxa queixas ou reclamacións.

Redacta os procedementos de ensaio, de utilización de equipamentos, de calibración e verificación dos equipos. É responsable de: seleccionar e validar os métodos de ensaio; definir as características de desempeño dos métodos e procedementos; asegurar que se elaboran os procedementos normalizados de traballo segundo os requisitos aplicables das normas e disposicións vixentes; calcular as incertezas dos ensaios.

Participa na formación do novo persoal que se asigne a un ensaio ou técnica. Ademais participa na programación anual das necesidades de formación ao detectar as necesidades que presenten os auxiliares e analistas de laboratorio ao seu cargo.

Cualifica ao persoal ao seu cargo emitindo os certificados de cualificación de ensaios ou de calibracións e verificacións, recoñecendo a competencia e a habilitación para realizar esas actividades.

---

---

Rexistra os resultados dos ensaios inter laboratorio e de inter comparación avaliando as tendencias e a calidade dos resultados. Ademais propón a participación en ensaios inter laboratorio e en ensaios de inter comparación.

Avalía os riscos dos produtos químicos que se manexan e propón medidas preventivas que deberán ser recollidas no plan de acción para a prevención de riscos laborais.

---

### III 17    **Analista de laboratorio**

Realiza análises físicas, químicas e micro biolóxicas que permiten determinar os parámetros requiridos de acordo coas boas prácticas de laboratorio, avaliando e informando dos resultados finais.

Verifica e axusta equipos e instrumentos que interveñen na análise requirida conforme ao método analítico seleccionado.

Realiza análises instrumentais para a identificación e cuantificación do elemento obxecto da determinación, segundo un procedemento de ensaio escrito.

Rexistra os datos obtidos, despois da realización dos cálculos necesarios, nas libretas de datos primarios, nas follas de cálculo e no sistema de información e administración do laboratorio.

Executa o traballo do laboratorio seguindo o sistema de calidade de acordo coas instrucións recibidas e cumplindo as normas de seguridade e saúde no traballo e a normativa medioambiental.

Interpreta os plans de control de calidade internos, aplicando criterios para supervisar os resultados analíticos das mostras, dos brancos, dos patróns químicos e dos materiais de referencia.

Interpreta o control de calidade externo e, por tanto, os resultados dos ensaios inter laboratorio e dos ensaios inter comparativos propoñendo accións correctoras que poidan evitar no futuro traballos non conformes.

Coordina a actuación do persoal auxiliar de laboratorio e do persoal subalterno que se lle asigne.

Participa na formación do novo persoal que se asigne a un ensaio ou técnica para o que está cualificado.

Pode avaliar os riscos dos produtos químicos que manexa e propoñer medidas preventivas a recoller no plan de acción para a prevención de riscos laborais.

---

### IV 11    **Auxiliar de laboratorio**

Codifica os recipientes que van conter as mostras no laboratorio para a súa manipulación e realización das determinacións analíticas. Coñece os métodos de preparación das mostras e prepáraas antes de que sexan procesadas no laboratorio.

Prepara reactivos químicos, patróns químicos, brancos, materiais de referencia e mostras para as determinacións analíticas, segundo a técnica instrumental e o método seleccionado polo responsable técnico.

Eventualmente colabora na realización de procedementos analíticos. Executa o traballo do laboratorio seguindo o sistema de calidade de acordo coas instrucións recibidas e cumplindo as normas de seguridade e saúde no traballo e a normativa medioambiental.

Xestiona os recursos de material do laboratorio e controla as súas existencias, solicitando, de ser o caso, a súa reposición.

Pode avaliar os riscos dos produtos químicos que manexa e propoñer medidas preventivas a recoller no plan de acción para a prevención de riscos laborais.

---

## V 12 Mozo de laboratorio

Recibe as mostras e as rexistra no libro de entradas ou no sistema informático. Codifica as mostras para a identificación, manipulación e realización das determinacións analíticas nos laboratorios.

Toma e rexistra datos básicos como a temperatura e humidade ambientais. Prepara as mostras de solos, de abonos e de alimentación animal de acordo aos procedementos acreditados. Tamén prepara as mostras de solos e forraxes, cando se analizan pesticidas. As operacións que realiza son: escolmar, poñer a secar, moer e cribar hasta conseguir un tamaño de partícula adecuado aos tratamentos que recibirán cada muestra no laboratorio. Entrega as mostras procesadas ao responsable técnico correspondente.

Organiza, clasifica e prepara os residuos perigosos para ser depositados temporalmente no almacén. Xestiona o almacén de reactivos e o almacén do material de laboratorio controlando as existencias e solicitando, se é necesaria, a súa reposición. Controla que estean dispoñibles as bombonas de gases de laboratorio, solicitando, se é necesaria, a súa reposición.

Atende aos clientes resolvendo, se pode, as dúbidas. Atende aos transportistas que entregan mostras, material de laboratorio e reactivos químicos. Arquiva as solicitudes de análise, as ordes de traballo, os informes de resultados e as cartas de pagamento.

---

### (12) Servizos xerais

---

#### III 6   **Encargado/a mantemento, oficios varios, taller** III 69   **Oficial 1<sup>a</sup> mantemento**

Programa e realiza as rutinas de mantemento preventivo das instalacións interiores e exteriores dos centros da Axencia (electricidade, fontanería, calefacción, albanelería, carpintería), segundo a programación prevista. No caso de requerir asistencia especializada, atenderá á prestación realizada e dará a súa conformidade. Solicita orzamentos e propón os pedidos relacionados coas necesidades de mantemento. Mantén actualizado o inventario de instalacións e equipamentos.

---

**IV 6 Oficial 2<sup>a</sup> mantemento**

Realiza rutinas de mantemento preventivo das instalacións interiores e exteriores dos centros da Axencia (electricidade, fontanería, calefacción, albanelería, carpintería), segundo a programación acordada coa dirección do centro. Se detecta fallos, trata de diagnosticar a orixe e avalía a capacidade de resolución polo seu, que en todo caso incluirá as reparacións menores. No caso de requerir asistencia especializada, atenderá á prestación realizada e dará a súa conformidade.

Reportará á dirección as necesidades de reposición de materiais e ferramentas necesarias para o mantemento ordinario dos centros e levará o control das inspeccións preventivas a realizar polas empresas subcontratadas.

---

**V 2 Peón especializado, axudante oficios**

Participa na resolución de reparacións menores relacionadas co mantemento das dependencias (electricidade, fontanería, calefacción, albanelería, carpintería) e na realización dos controis de rutina de mantemento, advertindo das anomalías detectadas.

---

**III 65 Oficial 1<sup>a</sup> cociña, xefe cociña**

Son funcións dun cociñeiro preparar os alimentos para consumir ou cociñar (lavar alimentos, pelalos, etc.); comprobar a calidade da comida; dosificar os alimentos; elaborar menús e receitas e cociñar. O cociñeiro é o responsable de controlar a cantidade de alimentos dispoñibles e de proveer a reserva. Así mesmo, ten a función de inspeccionar a cociña para asegurarse da limpeza, de que os electrodomésticos están en bo estado de uso, e de que a comida quedou almacenada ou gardada segundo as prácticas hixiénicas recomendadas.

---

**V 1 Axudante cociña, camareiro limpador****V 11 Limpador, fregador, pinche cociña, mozo limpeza, persoal servizos xerais**

Con independencia do nome que reciban na RPT vixente, todas as categorías de servizos xerais concretaranse na V11, de tal forma que os traballos a realizar polo persoal desta categoría se corresponderán, segundo as necesidades de cada centro, indistintamente coa definición do V Convenio: limpeza, fregado, pinche cociña, auxiliar cociña, camareiro/a, servizo doméstico e, en xeral, persoal de servicios xerais. Todos os traballos son complementarios, de tal xeito, que a asignación efectuarase sen máis límite que a necesaria organización dos traballos.

Axudante cociña: encárgase da limpeza dos utensilios de cociña e dos lugares de traballo e despensa; do almacenamento axeitado a cada tipo de alimento; e, así mesmo, axuda ao cociñeiro na elaboración das comidas, na posta en prato e, chegado o caso, na preparación de pratos simples.

Camareiro/a: asiste no servizo e limpeza do comedor, así como na recollida e limpeza da vaixela e cubertos.

Limpador/a: ocúpase das faenas propias da limpeza dos centros.

## (13) Investigación

### Persoal investigador

---

#### R1 **Investigador predoutoral**

Desenvolve tarefas de investigación no ámbito dun proxecto específico e novo, estando en posesión do título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, grao con polo menos 300 créditos ECTS, máster universitario ou equivalente, e sendo admitido nun programa de doutoramento.

---

#### R2 **Investigador emerxente**

Doutor/a que realiza traballos de investigación orientados a obter un alto nivel de perfeccionamento e especialización profesional.

---

#### R3 **Investigador establecido**

Doutor ou equivalente con experiencia demostrada e un nivel de independencia pleno na súa actividade investigadora.

---

#### R4 **Investigador sénior**

Doutor ou equivalente que lideran, dirixen e coordinan grupos de investigación, plataformas ou redes con autonomía e independencia

---

#### **Investigador distinguido**

Exerce funcións de director de equipos humanos como investigador/a principal, a dirección de centros de investigación, instalacións e programas singulares científicos e tecnolóxicos de gran relevancia no ámbito do coñecemento de que se trate.

---

### **Actividades científico-técnicas**

Realización de actividades vinculadas a liñas de investigación que se definen como un conxunto de coñecementos, inquietudes, produtos e proxectos construídos de maneira sistemática ao redor dun eixo temático.

---

### Persoal técnico de investigación

---

#### **Técnico superior de investigación**

Desenvolve funcións de apoio e colaboración no deseño, aplicación, mantemento e mellora de instalacións científicas, elaboración de informes, estudios ao análises e, en xeral, participa na xestión técnica de plans, proxectos, programas ou aplicacións e resultados da investigación.

---

#### **Técnico de investigación sénior**

Desenvolve funcións que impliquen especiais esixencias e responsabilidade para a realización de tarefas de xestión de equipos humanos, valoración de coñecementos, estudio, inspección e supervisión de instalacións científicas ou

técnicas, nas súas respectivas especialidades e/ou desenvolvemento de tarefas de concepción, deseño, aplicación e mellora de instalacións científicas ou técnicas.

#### **Actividades científico-técnicas**

Realización de servizos científico técnicos, incluíndo a xestión científico técnica de liñas de investigación.

---

#### **(14) Docencia**

##### **II 5 Profesor**

Funcións docentes en disciplinas xerais. Participación nas responsabilidades do centro propias ou asociadas á súa condición de profesor.

---

### **2.3. Funcións por centros de traballo**

(15) Coa perspectiva da actividade laboral establecense cinco áreas xenéricas nos centros dependentes da Axencia: laboratorio (LAB), agraria (AGR), servizos (SER), e mantemento (MAN). Cada área integra ás seguintes categorías:

LAB	I.3 - III.17 - IV.11 - V.12
AGR	III.11 - III.68 - IV.9 - V.8
SER	III.65 - V.11
MAN	III.1 - III.6 - V.2

(16) Por centros de traballo obsérvanse as seguintes áreas de actividade:

CENTRO	LAB	AGR	SER	MAN
CFEA Sergude	X	X	X	
CFEA Becerreá	X	X	X	
CFEA Pedro Murias	X	X	X	
CFEA Monforte	X			X
CFEA Guísamo	X			X
CFEA Lourizán	X	X	X	X
CIAM	X	X	X	X
EEG Marco da Curra		X		
EEA Salceda de Caselas		X	X	
EEA Pobra do Brollón		X		
EVEGA	X	X		X
EEVE Ribadumia	X	X		
LAFIGA	X			X

## 2.4. Análise de riscos por categoría, función e centro

(17) Tómanse como referencia as definicións de perigosidade, penosidade e toxicidade establecidas no numeral (2), cos matices descritos no numeral (3), de tal forma que non se duplican os riscos asociados a unha mesma causa. A avaliación materialízase en estrelas, cun mínimo de 1 e un máximo de 5. As valoracións de 1-2 estrelas, considéranse riscos non excepcionais asociados ao desempeño ordinario dun posto de traballo.

(18) Considérase a perigosidade asociada ao desempeño cotiá con animais e no uso de maquinaria agrícola e forestal. Non se aprecia a perigosidade nas tarefas agrarias ordinarias. O risco apréciase cando o traballo ordinario implica as actividades de risco, non cando as actividades perigosas son extraordinarias.

(19) Considérase a penosidade asociada a traballos continuos con maquinaria pesada agrícola sobre superficies de difícil tránsito ou traballos de acondicionamento de superficies forestais abruptas. Como no caso anterior, o risco apréciase cando o traballo ordinario implica as actividades de risco, non cando as actividades son extraordinarias. En canto ás condicións climáticas, o estudo da evolución media da climatoloxía nos distintos centros con actividade agrícola ou forestal, non suxire riscos específicos, considerando ademais a prescripción do artigo 42 do V Convenio, que establece: *"En ningún caso se podrá obligar ao persoal que, polo específico do seu labor, desenvolva o seu traballo ao descuberto a realizar as súas funcións cando a situación climatoloxica ou as condicións do terreo supoñan penosidade visible para o/a propio/a traballador/a. Nestes casos, paralizarase o traballo e empregaranse os/as referidos/as traballadores/as en labores propios do seu posto de traballo que se poidan realizar a cuberto"*.

Por outra parte, non se advirte penosidade cando no desempeño dunha actividade o traballador se dota obrigatoriamente de elementos de protección fronte ao impacto ambiental.

(20) Considérase a toxicidade, exclusivamente no desempeño en laboratorio. A aplicación de fitosanitarios non xera tal risco, por canto so pode desenvolverse polo persoal coa habilitación adecuada e cos medios de protección acaídos. As medidas de seguridade e protección no traballo, dispónense precisamente para minimizar os riscos. O mesmo pode dicirse da convivencia cos animais. As condicións sanitarias das explotacións gandeiras garanten suficientemente o control das posibles zoonoses. E igualmente, tampouco o uso dos medios de limpeza habituais se consideran xeradores de risco, toda vez que a aplicación se produce con respecto ás medidas establecidas se seguridade e o persoal dispón de roupa e medios de protección adecuados.

(21)

CENTRO	CAT	PERIGOSIDADE	PENOSIDADE	TOXICIDADE
<b>CIAM</b>				
Encargado/a agrario	III 11	★★★	★★	★★
Oficial 1ª agrario	III 68	★★★	★★	★★
Analista laboratorio	III 17	★	★	★★★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Auxiliar laboratorio	IV 11	★	★	★★★
Encargado mantemento	III 6	★	★	★
Mecánico supervisor	III 1	★★	★★	★★
Axudante oficios	V 2	★	★	★
Limpador	V 11	★	★	★★

MARCO DA CURRA				
Oficial 1ª agrario	III 68	★★★	★★	★★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Peón agrario	V 8	★★★	★★★	★★
POBRA DO BROLLÓN				
Oficial 1ª agrario	III 68	★★★	★★	★★
Peón agrario	V 8	★★★	★★	★★
SALCEDA DE CASELAS				
Oficial 1ª agrario	III 68	★★	★★	★★
Peón agrario	V 8	★★	★★	★★
Limpador	V 11	*	*	★★
EVEGA				
Analista laboratorio	III 17	*	*	★★★★
Auxiliar laboratorio	IV 11	*	*	★★★★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★	★★	★★
Peón agrario	V 8	★★	★★	★★
RIBADUMIA				
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★	★★	★★
LAFIGA				
Titulado/a superior químico	I 3	*	*	★★★★
Encargado mantenimiento	III 6	★★	*	*
Analista laboratorio	III 17	*	*	★★★★
Auxiliar laboratorio	IV 11	*	*	★★★★
Mozo laboratorio	V 11	*	*	★★★★
CFA SERGUEDE				
Profesor	II 5	*	*	*
Oficial 1ª agrario	III 68	★★★	★★	★★
Oficial 1ª cociña	III 65	★★	★★	★★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Auxiliar internado	IV 4	*	*	*
Peón agrario	V 8	★★★	★★	★★
Axudante cociña	V 1	★★	★★	★★
CFA GUÍSAMO				
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Peón agrario	V 8	★★★	★★	★★
CFA PEDRO MURIAS				
Encargado/a agrario	III 11	★★★	★★	★★
Oficial 1ª cociña	III 65	★★	★★	★★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Auxiliar internado	IV 4	*	*	*
Axudante cociña	V 1	★★	★★	★★
CFA MONFORTE				
Oficial 1ª agrario	III 68	★★★	★★	★★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Peón agrario	V 8	★★★	★★	★★
CFA BECERREÁ				
Encargado/a agrario	III 11	★★★	★★	★★
Oficial 1ª agrario	III 68	★★★	★★	★★
Oficial 1ª cociña	III 65	★★	★★	★★

Auxiliar internado	IV 4	★	★	★
Peón agrario	V 8	★★★	★★★	★★
Axudante cociña	V1	★★	★★	★★
Limpador	V 11	★	★	★★
<b>CFEA LOURIZÁN</b>				
Oficial 1ª cociña	III 65	★★	★★	★★
Oficial 1ª mantemento	III 69	★★	★	★
Oficial 2ª agrario	IV 9	★★★	★★	★★
Auxiliar internado	IV 4	★	★	★
Axudante cociña	V1	★★	★★	★★

### 3. Criterios de asignación de complementos salariais

- (22) Os postos das categorías I.3, III.17, IV.11, V.12, todos eles en actividades de laboratorio, con independencia do centro no que exerzan a súa función, son susceptibles de recibir o complemento de toxicidade. En tanto que a posible perigosidade asociada a estos postos derívase directamente da toxicidade, en ningún caso recibirán simultaneamente o complemento de perigosidade.
- (23) Os postos das categorías III.11, III.68, IV.9, V.12, asociados á actividade agro gandeira, con desempeño laboral no coidado de animais e no emprego común de maquinaria motorizada cortante ou pesada, son susceptibles de recibir o complemento de perigosidade.
- (24) Adicionalmente, o persoal das categorías III.11, III.68 e IV.9, destinado nos centros de formación agroforestal, que desenvolva funcións como profesional colaborador, baixo a supervisión dun docente, é susceptible de recibir un complemento de responsabilidade.
- (25) Os postos das categorías III.11, III.68, III.65, IV.9, V.11 e V.12, con actividade agraria ou de servicios, con desempeño nos centros de formación agroforestal ou nos centros de investigación e estacións dependentes con censos activos de gando, son susceptibles de recibir o complemento de especial dedicación.
- (26) Os postos das categorías III.6, III.69, IV.6 e V.2, con actividade na área de mantemento en calquera dos centros dependentes da Axencia, son susceptibles de recibir o complemento de disponibilidade horaria. Este complemento é incompatible co de especial dedicación.

### 4. Proposta de asignación de complementos na RPT

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACTUAL	PROPOSTA
<b>CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE GUÍSAMO (A CORUÑA)</b>			
MR.A11.20.003.15080.057	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B11-B14	B10-B14-R
MR.A11.20.003.15080.058	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B11-B14	B10-B14-R
MR.A11.20.003.15080.NOVO	OFICIAL 2º MANTEMENTO	-	D
MR.A11.20.003.15080.065	PEÓN AGRARIO	B11-B14	B10-B14
<b>CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE SERGUEDE (A CORUÑA)</b>			
MR.A11.21.003.15120.015	PROFESOR	B14	B14
MR.A11.21.003.15120.020	OFICIAL 1º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.21.003.15120.022	OFICIAL 1º COCINA	B14	B14
MR.A11.21.003.15120.023	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R

MR.A11.21.003.15120.024	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.21.003.15120.025	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.21.003.15120.026	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.21.003.15120.027	AUXILIAR INTERNADO	B14	B14
MR.A11.21.003.15120.028	AUXILIAR INTERNADO	B14	B14
MR.A11.21.003.15120.033	PEÓN AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.21.003.15120.035	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.21.003.15120.036	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.21.003.15120.NOVO	OFICIAL 2º MANTENIMENTO	-	D
<b>CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL "PEDRO MURIAS" - RIBADEO (LUGO)</b>			
MR.A11.22.003.27500.013	ENCARGADO/A AGRARIA	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.22.003.27500.015	OFICIAL 1º COCINA	B14	B14
MR.A11.22.003.27500.017	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.22.003.27500.019	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.22.003.27500.NOVO	OFICIAL 2º MANTENIMENTO	-	D
MR.A11.22.003.27500.NOVO	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
<b>CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)</b>			
MR.A11.23.003.27300.018	OFICIAL 1º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.23.003.27300.020	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.23.003.27300.022	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.23.003.27300.NOVO	OFICIAL 2º MANTENIMENTO	-	D
<b>CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE BECERREÁ (LUGO)</b>			
MR.A11.24.003.27060.014	ENCARGADO AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.24.003.27060.016	OFICIAL 1º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.24.003.27060.018	OFICIAL 1º AGRARIO	B10-B14	B10-B14-R
MR.A11.24.003.27060.NOVO	OFICIAL 2º MANTENIMENTO	-	D
MR.A11.24.003.27060.022	PEÓN AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.24.003.27060.024	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.24.003.27060.032	OFICIAL 1º COCINA	B14	B14
MR.A11.24.003.27060.034	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
<b>CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE LOURIZÁN (PONTEVEDRA)</b>			
MR.A11.25.003.36001.017	OFICIAL 1º COCINA	B14	B14
MR.A11.25.003.36001.021	OFICIAL 1º MANTENIMENTO	B10-B11-B14-B18	D
MR.A11.25.003.36001.026	OFICIAL 2º AGRARIO	B14	B10-B14-R
MR.A11.25.003.36001.027	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B11-B14	B10-B14-R
MR.A11.25.003.36001.028	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B11-B14	B10-B14-R
MR.A11.25.003.36001.NOVO	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.25.003.36001.NOVO	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.25.003.36001.NOVO	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.25.003.36001.NOVO	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
MR.A11.25.003.36001.NOVO	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	B14	B14
<b>CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDÓ (CIAM)</b>			
MR.A11.26.003.15010.NOVO	INVESTIGADOR		
MR.A11.26.003.15010.NOVO	TÉCNICO INVESTIGADOR		
MR.A11.26.003.15010.NOVO	TÉCNICO INVESTIGADOR		
MR.A11.26.003.15010.NOVO	TÉCNICO INVESTIGADOR		
MR.A11.26.003.15010.NOVO	TÉCNICO INVESTIGADOR		
MR.A11.26.003.15010.160	ENCARGADO AGRARIO	B11	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.161	ENCARGADO AGRARIO	B11	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.162	ENCARGADO AGRARIO	B11	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.165	ENCARGADO AGRARIO	B11	B10-B14

MR.A11.26.003.15010.180	CAPATAZ AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.182	CAPATAZ AGRARIO	B10	B10
MR.A11.26.003.15010.183	CAPATAZ AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.184	CAPATAZ AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.185	CAPATAZ AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.186	OFICIAL 1º AGRARIO	B10	B10
MR.A11.26.003.15010.187	OFICIAL 1º AGRARIO	B18	B10
MR.A11.26.003.15010.190	OFICIAL 1º AGRARIO	B18	B10
MR.A11.26.003.15010.191	OFICIAL 1º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.194	OFICIAL 1º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.211	OFICIAL 2º AGRARIO	B18	B10
MR.A11.26.003.15010.212	OFICIAL 2º AGRARIO	B18	B10
MR.A11.26.003.15010.213	OFICIAL 2º AGRARIO	B18	B10
MR.A11.26.003.15010.214	OFICIAL 2º AGRARIO	B11	B10
MR.A11.26.003.15010.215	OFICIAL 2º AGRARIO	B11-B18	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.216	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.217	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.220	OFICIAL 2º AGRARIO	B10	B10
MR.A11.26.003.15010.222	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.223	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.224	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.225	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.226	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.26.003.15010.231	AUXILIAR SANITARIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.230	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.240	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.241	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.242	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.243	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.244	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18	B11
MR.A11.26.003.15010.250	AXUDANTE OFICIOS	B11	D
MR.A11.26.003.15010.NOVO	ENCARGADO MANTENIMENTO		D
MR.A11.26.003.15010.NOVO	MECÁNICO SUPERVISOR		D
MR.A11.26.003.15010.271	PERSOAL SERVIZOS VARIOS	B11	
MR.A11.26.003.15010.272	PERSOAL SERVIZOS VARIOS	B11	
MR.A11.26.003.15010.170	OFICIAL 1º CONDUTOR	B10	D

#### **ESTACIÓN EXPERIMENTAL AGRÍCOLA DO BAIXO MIÑO (SALCEDA DE CASELAS-PONTEVEDRA)**

MR.A11.29.003.36480.NOVO	INVESTIGADOR		
MR.A11.29.003.36480.061	OFICIAL 1º AGRARIA	B11-B14	B14
MR.A11.29.003.36480.071	PEÓN AGRARIO	B11-B14	B14
MR.A11.29.003.36480.073	PEÓN AGRARIO	B11-B14	B14
MR.A11.29.003.36480.074	PEÓN AGRARIO	B11-B14	B14
MR.A11.29.003.36480.075	PEÓN AGRARIO	B11-B14	B14
MR.A11.29.003.36480.081	PERSOAL SERVIZOS XERAIS		

#### **ESTACIÓN EXPERIMENTAL GANDERÍA DE MONTAÑA DO MARCO DA CURRA (MONFERO-A CORUÑA)**

MR.A11.27.003.15490.001	CAPATAZ AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.27.003.15490.003	OFICIAL 1º AGRARIA	B10-B14	B10-B14
MR.A11.27.003.15490.006	OFICIAL 2º AGRARIA	B10-B14	B10-B14
MR.A11.27.003.15490.015	OFICIAL 2º AGRARIA	B10-B14	B10-B14
MR.A11.27.003.15490.008	PEÓN AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.27.003.15490.010	PEÓN AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.27.003.15490.007	PEÓN AGRARIO	B10-B14	B10-B14

#### **ESTACIÓN EXPERIMENTAL AGROGANDEIRA DA POBRA DO BROLLÓN (LUGO)**

MR.A11.28.003.27460.001	CAPATAZ AGRARIO	B10-B14	B10-B14
MR.A11.28.003.27460.003	OFICIAL 1º AGRARIA	B10-B11-B14-B18	B10-B14
MR.A11.28.003.27460.004	OFICIAL 1º AGRARIA	B10-B11-B14	B10-B14
MR.A11.28.003.27460.006	PEÓN AGRARIO	B10-B14	B10-B14

#### **ESTACIÓN DE VITICULTURA E ENOLOXÍA DE GALICIA (LEIRO-OURENSE)**

MR.A11.31.003.32400.020	ANALISTA LAB	B10-B11-B18	B11
MR.A11.31.003.32400.012	AUXILIAR LAB	B10-B11-B18	B11
MR.A11.31.003.32400.013	AUXILIAR LAB	B10-B11-B18	B11
MR.A11.31.003.32400.014	OFICIAL 2º AGRARIO	B10-B11	B10

MR.A11.31.003.32400.NOVO	OFICIAL 2º MANTENIMENTO	D
MR.A11.31.003.32400.016	PEÓN AGRARIO	B10-B11
MR.A11.31.003.32400.017	PEÓN AGRARIO	B10-B11
<b>ESTACIÓN EXPERIMENTAL DE VITICULTURA E ENOLOXÍA DE RIBADUMIA (PONTEVEDRA)</b>		
MR.A11.32.003.36450.020	OFICIAL 2º AGRARIO	B11
MR.A11.32.003.36450.NOVO	PEÓN AGRARIO	B10
<b>LABORATORIO AGRARIO E FITOPATOLÓXICO DE GALICIA (MABEGONDO-A CORUÑA)</b>		
MR.A11.30.003.15010.101	QUÍMICO	B11
MR.A11.30.003.15010.109	ENCARGADO MANTENIMENTO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.110	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.111	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.112	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.113	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.114	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.115	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.121	ANALISTA LABORATORIO	B11
MR.A11.30.003.15010.122	ANALISTA LABORATORIO	B11
MR.A11.30.003.15010.123	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.NOVO	ANALISTA LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.131	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.132	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.133	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.134	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.135	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.136	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.137	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.138	AUXILIAR LABORATORIO	B10-B11-B18
MR.A11.30.003.15010.145	MOZO LABORATORIO	B10-B11-B18